

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 28 de decembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás 13.50 horas do día vinte e oito de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2221).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

2(2222).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DEL CENTRO COMERCIAL COYA 4” PARA REALIZAR OBRAS DE REHABILITACIÓN DAS

PRAZAS EXTERIORES DO CENTRO COMERCIAL. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4844/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión de Participación Cidadá, do 11.08.2010, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e co informe do letrado asesor do 23.09.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 23.09.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Comunidad de propietarios del Centro Comercial Coya 4” para realizar obras de rehabilitación das prazas exteriores do centro comercial.
2. Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá don Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
3. Autorizar o gasto por importe total de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 9240 7800020 (“Subvencións Com. Propietarios Coia Arreglo Paza”) de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DEL CENTRO COMERCIAL COYA 4”, PARA REALIZAR OBRAS DE REHABILITACIÓN DAS PRAZAS EXTERIORES DO CENTRO COMERCIAL COIA 4.

Na Casa do Concello de Vigo, ----- de ----- de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de concelleiro de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra, don Julio López Ledo, provisto de DNI 34242834-C, actuando en representación da entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” (CIF: H36688448), con enderezo social en Vigo, na rúa Mondariz, s/n. Representación que acredita con certificado do secretario-administrador da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” , ten como fins, entre outros: conservar, manter e administrar, os elementos, zonas, instalacións, dotacións e equipamentos comúns tanto dos seus membros como os de uso sociocomunitario e pretende a rehabilitación das prazas exteriores do Centro Comercial Coia que constitúen o acceso público aos diversos edificios e ao Centro Comercial que o conforman. Coa rehabilitación destas prazas, tratase de solucionar as patoloxías existentes e dotar as instalacións de novos elementos, que farán da praza un espazo máis atractivo e acorde coas necesidades dos veciños e veciñas de Vigo en xeral e dos residentes na parroquia de Coia en particular:

- Crear un espazo de sombras e descanso incluíndo unhas pérgolas con vexetación
- Crear no lado sur da praza, un parque público infantil

- Mellorar á accesibilidade

II.- Que o Concello de Vigo coa subvención das obras obxecto do presente convenio continúa no seu compromiso non só de garantir a participación da cidadanía senón tamén a promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., xa que este fomento entre a poboación, permite detectar, propor e colaborar na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionando problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

III.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, concretamente, na partida 9240 7800020 (“Subvencións Com. Propietarios Coia Arreglo Plaza”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 100.000 €, a favor da entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento das accións correspondentes á primeira fase a executar no exercicio 2010 da totalidade do proxecto presentado e previa xustificación do cumprimento da lexislación urbanística que lle sexa de aplicación.

4. PRIMEIRA FASE: EXECUCIÓN MATERIAL (Capítulos de Demolicións, Impermeabilizacións e pavimentos de pedra)

Nº	CAPÍTULO	FASE 1	FASE 2
1	DEMOLICIÓN	4.799,22 €	
2	IMPERMEABILIZACIÓN	88.210,39 €	
3	PAVIMENTOS DE PEDRA	40.788,52 €	
4	PAVIMENTO DE BALDOSA		----
5	PARAMENTOS		----
6	ALUMEADO EXTERIOR		----
7	PARQUE INFANTIL		----
8	MOBILIARIO URBANO		----
9	XARDINERÍA		----
10	CONTROL DE CALIDADE	303,00 €	----
11	SEGURIDADE E SAÚDE	365,00 €	----
12	RECOLLIDA E RECICLAXE ESCOMBROS	523,00 €	----
	TOTAL EXECUCIÓN MATEIRAL FASE 1	134.989,13 €	
	13 % Gastos Xerais	17.548,59 €	
	6% Beneficio Industrial	8.099,35 €	

	TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA FASE 1	160.637,07 €	
	18 % IVE	28.914,67 €	
	TOTAL PRESUPOSTO FASE 1	189,551,74 €	

V.- Que a entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4844-320.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, cultural, participativo, etc.) que para a cidade de Vigo representan as devanditas reformas, o Concello de Vigo e a dita entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” conveñen a súa colaboración no ámbito das accións sociocomunitarias e do fomento da participación cidadá e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” comprométese a colaborar coa Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a execución e seguimento das obras a desenvolver e, concretamente, a:

1. Asumir a xestión, contratación, e cumprimento das accións obxecto do convenio.
2. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
3. Dar publicidade do financiamento das obras mediante a colocación de cartel publicitario nas obras, anunciándose o carácter público do financiamento, no idioma galego. Así como, deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obras.
4. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das inversións.
5. Aboar as taxas, impostos, e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.
7. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Respetar a estrutura organizativa da entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” e asinar o convenio para a realización das obras.
2. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade das accións conveniadas.

3. Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 8ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.
4. Conceder directamente á entidade “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4”, unha subvención por importe de 100.000,00 € co obxecto de financiar a execución das obras correspondentes a primeira fase do proxecto presentado.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 100.000,00 € (CEN MIL EUROS), con cargo á partida 9240.7800020, do vixente orzamento da Concellaría Participación Cidadá, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e accións que se valoran na primeira fase do proxecto presentado. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0075-0645-76-0600271969.

Tendo en conta a natureza da subvención ao tratarse dunha inversión de capital, e para facilitar a administración do convenio, o abono da devandita subvención realizarase conforme ao estipulado na cláusula novena mediante pagamentos a conta.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata 100 % do importe da actividade subvencionada.

Tendo en conta que a actividade a subcontratar excede do 20 % do importe da subvención será necesario contrato por escrito e autorización do Concello.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A beneficiaria a fin de dar a adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante

- Colocación de cartel publicitario de cando menos 300x200 cms, nas obras, anunciándose o carácter público do financiamento, no idioma galego.
- En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obra, que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá.
- O deseño do cartel será aprobado previamente polo servizo de Participación Cidadá.

Oitavo.- A presente subvención conforme establece o artigo 15.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, non precisa de publicación.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento dunha inversión de capital, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta. Os devanditos pagamentos poderán supoñer a realización de pagamento fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola “Comunidad de Propietarios del Centro Comercial Coya 4” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial coa súa correspondente conta xustificativa presentarase no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio e deberá incluír unha memoria final relativa ao cumprimento total das inversións obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, un rexistro fotográfico ou audiovisual.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos da obra xustificada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - b) Certificacións das obras e facturas orixinais pola contía equivalente á xustificación presentada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación
 - Lugar e data de emisión
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e estampillados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que

foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No será necesario presentar nova certificación si a presentada na solicitude de concesión non superou o prazo de seis meses de validez.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen conforme ao proxecto presentado e dentro do ano 2010.

Tendo en conta que o inicio da execución do gasto subvencionable tivo lugar con posterioridade a solicitude de subvención, será esixible a presentación e xustificación da elección do contratista por parte da entidade beneficiaria, si ben, xustificarse na memoria do proxecto conforme ao estipulado na cláusula novena.

Décimo segundo.- A realización da inversión subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida as accións subvencionadas.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade

subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ----- de ----- de 2010.

ANEXO 1

Detalle da Primeira Fase do proxecto de “Rehabilitación das prazas exteriores do Centro Comercial Coya 4”.

NON SE APROBARÁ O CONVENIO SEN O VISTO E PRACE DO ARQUITECTO MUNICIPAL. POLO QUE SE DEBEN CUMPRIR TODOS OS REQUISITOS URBANÍSTICOS (LICENZA, APROBACIÓN PROXECTOS DE OBRA E EXECUCIÓN)

NON SE ABOARÁN AS FACTURAS SEN O VISTO E PRACE DO ARQUITECTO MUNICIPAL POLO QUE AS FACTURAS PRESENTADAS DEBEN ESTAR CONFORME AO ESTIPULADO NOS PROXECTOS APROBADOS EN URBANISMO (PREZOS UNITARIOS...)

Nº	CAPÍTULO	FASE 1	FASE 2
1	DEMOLICIÓN	4.799,22 €	
2	IMPERMEABILIZACIÓN	88.210,39 €	
3	PAVIMENTOS DE PEDRA	40.788,52 €	
4	PAVIMENTO DE BALDOSA		----
5	PARAMENTOS		----
6	ALUMEADO EXTERIOR		----
7	PARQUE INFANTIL		----
8	MOBILIARIO URBANO		----
9	XARDINERÍA		----

10	CONTROL DE CALIDADE	303,00 €	----
11	SEGURIDADE E SAÚDE	365,00 €	----
12	RECOLLIDA E RECICLAXE ESCOMBROS	523,00 €	----
	TOTAL EXECUCIÓN MATEIRAL FASE 1	134.989,13 €	
	13 % Gastos Xerais	17.548,59 €	
	6% Beneficio Industrial	8.099,35 €	
	TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA FASE 1	160.637,07 €	
	18 % IVE	28.914,67 €	
	TOTAL PRESUPOSTO FASE 1	189,551,74 €	

3(2223).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.” CORRESPONDENTE AOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DO PRESENTE ANO. EXPTE. 9228/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Especial, do 20.12.10, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral do 23.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobala indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” (SAMYL S.L.) polo importe de **32.913,70 euros** co IVE engadido, como pago das facturas correspondentes aos servizos de limpeza, acondicionamento, e mantemento integral dos cemiterios municipais durante os meses de novembro e decembro do presente ano, con cargo á **partida orzamentaria 1640.2279900** do exercicio vixente.

4(2224).- RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITO A LINORSA MES DE OUTUBRO E NOVEMBRO. EXPTE. 19091/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Especial, do 20.12.10, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral do 23.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 313.352,70 euros, ive engadido, polo servizo de limpeza en centros

municipais perante o mes de setembro, que se imputarán a partida presupuestarias 92202270000 do vixente exercicio.

5(2225).- ALLEAMENTO DE 59 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3485/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.11.2010, e conforme o concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Allear para chatarra 59 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumpri-las seguintes condicións:

- 8.As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- 9.Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- 10.Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.
- 11.O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 59 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 59 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 59 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

**6(2226).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:
A)COMERCIAL AUTOMOTO, S.A. EXPTE,. 3456/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 22-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Comercial Automoto, S.A., a fianza de 866,00 euros, constituída para responder da subministración de furgón para o Parque Móbil, xa que foi recibido conforke as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía.

B)COMERCIAL AUTOMOTO, S.A. EXPTE. 3455/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 28-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Comercial Automoto, S.A. A fianza de 718,36 euros constituída para responder de subministro de vehículo para Bombeiros, xa que foi reciido mediante acta de 30.09.2003 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

C)CEPSA COMERCIAL GALICIA, S.A. EXPTE. 3478/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 28-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Cepsa Comercial Galicia, S.A. a fianza de 8.760 euros , constituída para responder da subministración de gasóleo, xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

7(2227).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A ADECUACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NOS DISTRITOS SUR DE VIGO (LOTES 2 E 5). EXPTE. 5523/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 28.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

Lote II			Total
LAPPSET	50,00	33,04	83,04
CONTENUR	45,00	35,63	80,63
TLF	40,00	30,00	70,00

Lote V			Total
HPC	50,00	41,47	91,47
LAPPSET	35,00	50,00	85,00
CONTENUR	35,00	22,07	57,07

Segundo.- Requirir as empresas clasificada en primeiro lugar en cada lote para que presenten no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir as empresas clasificadas en primeiro lugar, en cada lote o aboamento do custe dos anuncios de licitación que é de 91,81 euros por lote.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(2228).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE PARQUE NA FINCA MATÍAS. EXPTE. 5621/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 28.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.
- Movex Vial, S.L.

Segundo.- Requirir a empresa clasificada en primeiro (Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.) lugar en cada lote para que presenten no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

9(2229).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓNS AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL. EXPTE. 3774/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.10, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral do 28.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar á mercantil TECESA, S.L.U. o procedemento ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓNS AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3774/335, por un prezo total de 289.653,83 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 8 de novembro de 2010 e a oferta presentada.”

10(2230).- ADQUISICIÓN DO ARQUIVO FOTOGRÁFICO KSADO AOS HERDEIROS DO FOTÓGRAFO LUIS CASADO FERNÁNDEZ. EXPTE. 12742/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, do 20.12.10, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, co informe do Interventor Xeral do 23.12.2010, e co informe-proposta complementario do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas do 27.12.2010, conformado polo concelleiro delegado da área (o cal se transcribe ó final deste acordo), a Xunta de Goberno local acorda:

1 Autorizar a adquisición do Arquivo Fotográfico Ksado aos herdeiros do fotógrafo Luis Casado Fernández, de acordo co informe da xefatura do departamento de Cultura e coas condicións contractuais que de seguido se indican.

2 Autorizar un gasto de por un importe total de 36.000 €, con cargo á partida, 3340.689.00.00, denominada “Adquisición de bens artísticos”, para financiar a adquisición.

3 Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, para formalizar e asinar en documento administrativo, en representación do Concello de Vigo, o correspondente contrato privado de compra venda.

4 Aprobar o texto de condicións contractuais de compra-venda.

ADQUISICIÓN DO ARQUIVO FOTOGRÁFICO KSADO POLO CONCELLO DE VIGO AOS HERDEIROS DE LUIS CASADO FERNÁNDEZ (KSADO)

Dunha parte,

D Xesús López Carreira, concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, en virtude do decreto de delegación de competencias de Alcaldía de 5 de xullo de 2007, do acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e do acordo da Xunta de Goberno Local do _____ relativo á citada adquisición;

Doutra parte,

os herdeiros do fotógrafo Luis Casado Fernández (Ksado) que se citan de seguido,

1.- D Pablo Manuel López Cons, DNI 53.174.969-G, con domicilio na rúa Urzaiz 132, 5º A de Vigo.

2.- D. Luis López Cons, DNI 36.116.168-G, con domicilio na rúa Urzaiz 132, 5ºA de Vigo.

3.- D. Alejandro López Bula, DNI 35.968.198-Q, con domicilio en Mirteira s/n, Gaxate, de A Lama (Pontevedra).

4.- D. Francisco López Bula, DNI 35.974.890-S, con domicilio na rúa Nigrán 8, 15º C, de Vigo.

5.- D. Alfredo López Fernández, DNI 10.794.067-Y, con domicilio na rúa Pescadores 15, 2ºD, de Gijón.

6.- Dª Berta López Fernández, DNI 10.803.926-K, con domicilio na rúa Cervantes 21, 5º C de Oviedo.

Os citados herdeiros acreditan a súa condición de propietarios do arquivo fotográfico Ksado coas escrituras notariais de aceptación parcial e adxudicación de herdanza, formalizadas o día 22 de novembro de 2010 diante do notario de Vigo D. José Pedro Riol López, protocolo 2782.10, e contan coa correspondente capacidade de obrar.

D Francisco e D. Alejandro López Bula poden actuar solidariamente en representación dos seus curmáns D. Alfredo Julio López Fernández e Dª Berta María López Fernández para o que achegan escritura de apoderamento, outorgada diante do notario de Oviedo D. José María Moutas Cimadevilla, protocolo nº 1685 de 18 de outubro de 2010

MANIFESTAN

1 O concello de Vigo está interesado a promover e difundir o patrimonio cultural e artístico, especificamente o fotográfico, para o que ven desenvolvendo diversas iniciativas entre as que se atopa a creación do Centro Galego de Fotografía.

2 O concello de Vigo dispón de diversas coleccións fotográficas tanto de tipo histórico como contemporáneo que pretende incrementar coa incorporación de novos conxuntos polo que está interesado na adquisición do Arquivo Fotográfico Ksado

3 Os herdeiros de Luis Casado Fernández manifestaron ao Concello de Vigo a súa vontade de venderlle o citado arquivo que posúen, a través de documento presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, con data 15 de decembro de 2010.

4 O Arquivo Fotográfico Ksado enténdese como unha propiedade indivisa e que por eso constitúe unha unidade documental, que recolle fondos dunha parte da produción fotográfica de Ksado realizada nos anos 20 e 30; principalmente, imaxes significativas sobre rúas, prazas, monumentos, cidades, etc. en distintas localizacións de Galicia.

Polo exposto, as dúas partes, vendedora e compradora, adoptan os seguintes ACORDOS.

1 Os herdeiros de Luis Casado Fernández venden ao Concello de Vigo o denominado Arquivo Fotográfico Ksado por un importe total de 36.000 € (trinta e seis mil euros) con todos os impostos incluídos.

2 O Arquivo Fotográfico Ksado está composto por 21 caixas, que conteñen 989 negativos fotográficos en soporte cristal e película, relacionados nas citadas escrituras notariais de aceptación e adxudicación de herdanza. O Arquivo Fotográfico Ksado, obxecto desta venda, axústase ás características descritas no “Informe valoración económica: Arquivo fotográfico Ksado” realizado en outubro de 2009, pola empresa Consultarte por encargo do Concello de Vigo, que ademais inclue 70 imaxes en diverso tamaño en soporte papel que tamén forma parte do conxunto que se vende ao Concello de Vigo. O estado de conservación dos elementos do arquivo deberá coincidir co reflectido no citado informe de valoración.

3 A parte vendedora, ademais dos elementos físicos do arquivo, cede a favor do Concello de Vigo a propiedade dos dereitos intelectuais, que atribuen ao Concello de Vigo a plena disposición e o dereito exclusivo da explotación das obras da colección fotográfica en calquera forma e, en especial, os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública, transformación e calquera outro necesario para dispoñer da comunicación pública; ata o límite establecido para o dominio público destes dereitos e con carácter universal.

4 O persoal técnico do Concello de Vigo queda facultado para visitar os fondos que integran a colección para comprobar o seu estado e o Concello de Vigo correrá cos gastos de transporte dos fondos do Arquivo Fotográfico Ksado dende o lugar onde o teñen os seus propietarios ata as dependencias que designe o Concello de Vigo.

5 O Concello de Vigo, recibe os elementos físicos e dereitos inherentes do Arquivo Fotográfico Ksado, libres de calquera tipo de cargas ou gravames e a parte vendedora renuncia a calquera futura reclamación sobre os elementos que o integran o conxunto documental.

6 A parte vendedora do Arquivo fotográfico Ksado pón os elementos obxecto do contrato a disposición do Concello de Vigo a partir do día seguinte á sinatura deste contrato de compra-venda formalizado en documento administrativo.

7 O Concello de Vigo dispoñerá dun máximo de dous meses (60 días naturais) contados dende o día de retirada dos elementos físicos do Arquivo fotográfico Ksado, para realizar un acta de recepción con relación detallada dos elementos adquiridos e o seu estado.

6 O Concello de Vigo realizará o pagamento da compra do Arquivo Fotográfico Ksado a través de transferencia bancaria, tras a sinatura do acta de recepción con relación dos elementos que o integran. Os importes a aboar, con todos os impostos incluídos, correspondentes a cada herdeiro-propietario establécense en función das partes que resultan das escrituras de aceptación e adxudicación de herdanza, que serán as seguintes:

1.- D Pablo Manuel López Cons, DNI 53.174.969-G, con domicilio na rúa Urzaiz 132, 5º A de Vigo; a quen lle corresponde 1/12 parte indivisa do arquivo fotográfico, o que supón 3.000 € (tres mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

2.- D. Luis López Cons, DNI 36.116.168-G, con domicilio na rúa Urzaiz 132, 5ºA de Vigo; a quen lle corresponde 1/12 parte indivisa do arquivo fotográfico, o que supón 3.000 € (tres mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

3.- D. Alejandro López Bula, DNI 35.968.198-Q, con domicilio en Mirteira s/n, Gaxate, de A Lama (Pontevedra); a quen lle corresponde 1/6 parte indivisa do arquivo fotográfico, o que supón 6.000 € (seis mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

4.- D. Francisco López Bula, DNI 35.974.890-S, con domicilio na rúa Nigrán 8, 15º C, de Vigo; a quen lle corresponde 1/6 parte indivisa do arquivo fotográfico, o que supón 6.000 € (seis mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

5.- D. Alfredo López Fernández, DNI 10.794.067-Y, con domicilio na rúa Pescadores 15, 2ºD, de Gijón; a quen lle corresponde 1/4 parte indivisa do arquivo fotográfico, o que supón 9.000 € (nove mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

6.- Dª Berta López Fernández, DNI 10.803.926-K, con domicilio na rúa Cervantes 21, 5º C de Oviedo; a quen lle corresponde 1/4 parte indivisa do arquivo fotográfico o que supón 9.000 € (nove mil euros) ao seu favor do importe total de compra.

7 Dereitos e obrigas das partes asinantes deste contrato.

Obrigas da parte vendedora:

- Poñer a disposición do Concello de Vigo os elementos que integran o Arquivo fotográfico Ksado.
- Entregar o número de imaxes acordado e no estado definido polo citado informe de Consultarte.
- Achegar a documentación antes citada e a que se precise para poder xestionar o pagamento.

Obrigas da parte compradora.

- Retirar e transportar o Arquivo nun prazo de 7 días naturais dende a data de sinatura.
- Realizar o pagamento do valor de compra nas condición e prazos estipulados no contrato.
- Realizar a data de comprobación e recepción no tempo establecido neste contrato.
- Xestionar o pagamento trala sinatura da acta de recepción.

Dereitos da parte vendedora:

- Percibir o importe da adxudicación na contía e forma establecida neste contrato.
- Calquera outro que estea regulamentariamente recoñecido en orde ao obxecto do contrato

Dereitos da parte compradora:

- A interpretación das cláusulas e a resolución de dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.
- A inspección e control da adquisición.
- A modificación ou resolución do contrato, de acordo co previsto na LCSP, no caso que se produciran cambios significativos na entregas dos bens obxecto deste compra-venta.
- Calquera outro dereito que se sexa concedido neste clausulado ou na lexislación vixente.

8 Serán causas de resolución do contrato as previstas para os contratos administrativos no artigo 206 da LCSP e polas especificamente indicadas para contratos de subministros no art. 275 da citada norma. Ademais tamén será causa de resolución de contrato que os elementos do Arquivo que se subministren non se encontren nas condicións e estado de conservación do citado informe de Consultarte.

9 A presente contratación, de natureza administrativa, rexerese polo disposto nas cláusulas precedentes, na que se inclúen os pactos e condicións dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación e a parte vendedora. En todo o non previsto, neste contrato estarase ao disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

O coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen derivarse da presente contratación corresponderá á xurisdicción contencioso-administrativa. Os tribunais competentes serán os de Vigo.

En en proba de conformidade asíñase este contrato privado de compravenda do Arquivo Fotográfico Ksado en Vigo, a _____ de _____ de 201_.

“Á vista do informe de fiscalización da Intervención Xeral, do 23 de decembro de 2010 no que se indica que no expediente deberá incorporarse a documentación xustificativa do cumprimento dos herdeiros-propietarios coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social faise á Xunta de Goberno Local a proposta de engadir o seguinte parágrafo no acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local:

Previamente á formalización e sinatura en documento administrativo do correspondente contrato privado de compra-venda os vendedores achegarán os certificados acreditativos de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias ou pagamentos en relación cos organismos seguintes: coa AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias; coa Consellería Economía e Facenda, de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia; coa Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas; co Concello de Vigo de estar ao corrente nos pagamentos. “

11(2231).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MOVEX VIAL POR OBRAS DE SANEAMENTO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 10071/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD e Coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, do 7.12.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, e co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 22.12.2010, e co informe do Interventor Xeral do 23.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º Declarar a nulidade da prestación dos servizos realizada pola empresa MOVEX VIAL, S.L..

2º Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa MOVEX VIAL, S.L., co cif B36684157, en relación aos gastos das obras de saneamento e acometidas eléctricas nas instalacións deportivas municipais, por importe de 187.293,29 €, consonte coa factura nº 389 de data 13/10/2010, con cargo a partida 3410.619.00.05 “Recoñecemento extraxudicial saneamento instalacións deportivas”.

12(2232).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN ESCOLAS NIETO PARA A INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN NO EDIFICIO PRINCIPAL DO CENTRO DE ENSINO CONCERTADO ESCOLAS NIETO. EXPTE. 12170/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Educación, do 9.12.10, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 23.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Conceder á entidade sen ánimo de lucro, Fundación Escolas Nieto, con CIF nº G-36619609, en concepto de subvención, a cantidade de 39.856,44 euros, destinada á instalación dun

sistema de calefacción no edificio do Centro educativo concertado Escolas Nieto, tendo en conta os seguintes extremos:

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

Conforme ao previsto no artigo 22,2,a da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no art. 18,4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia-- o obxecto da subvención é o financiamento da instalación dun sistema de calefacción no edificio principal do Centro Concertado de Educación Escolas Nieto rexentado por esa Fundación sen ánimo de lucro, conforme á memoria valorada presentada polo beneficiario en documento de 22/11/2010 (num 100148539),

Esta subvención está prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello, partida 32107800004508 (Subvención Fundación Escolas Nieto), por un importe de 39.856,44 euros.

SEGUNDA.- Contía da Subvención

O importe total destinado a esta subvención é de 39.856,44 euros, con cargo á partida orzamentaria 3210.7800004508 do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010.

TERCEIRA.- Beneficiario e requisitos

O beneficiario da subvención directa é a entidade sen ánimo de lucro denominada Fundación Escolas Nieto, con CIF nº G-36619609

Serán obrigas do beneficiario as sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se sinalan nestas bases.

CUARTA.- Compatibilidade

Esta subvención é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e a reintegrar a axuda ao Concello de Vigo no caso de tela recibido.

QUINTA- Xustificación e pagamento

Aos efectos de xustificar a subvención os beneficiarios deberán presentar facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente, dos gastos realizados. As facturas deberán recoller o número de CIF, data, número e IVE que corresponda. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que, séndolle esixibles, non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, o Servizo de Educación municipal procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Esta factura ou documento equivalente, deberá ir acompañada do preceptivo informe técnico emitido polo Servizo de Educación que recolla a conformidade dos documentos xustificativos presentados, e onde se manifeste expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención. Acompañarase obrigatoriamente a esta factura, acta de recepción da obra e certificación de instalador autorizado.

A xustificación completa do importe concedido, deberá realizarse polo beneficiario antes do remate do primeiro trimestre do ano 2011.

SEXTA.- *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro da subvención. Réxime de infraccións e sancións*

Perdida do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

SÉTIMA.- *Tratamento de datos de carácter persoal*

Para os efectos do disposto na disposición adicional do decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o no 2006, as persoas solicitantes deberán autorizar expresamente á Administración concesora, a inclusión e publicidade nos rexistros regulados no citado decreto dos datos básicos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou no seu caso, a revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido, segundo dispón a liña 2 da citada disposición adicional.

OITAVA.- *Disposición final*

A presente subvención rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

2. Aprobar a disposición de gasto de 39.856,44 euros prevista nos orzamentos xerais do Concello de Vigo, partida 3210.7800004508 (Subvención Fundación Escolas Nieto).

13(2233).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE GAS NATURAL SERVICIOS, SDG., S.A., EN CONCEPTO DE CONSUMO DE GAS NA CASA DE ACOLLIDA CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO, ABRIL, OUTUBRO E DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 4699/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 20.12.10, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral do 23.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.-Convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núms: FE08321049541252, FE08321054708805, FE08321038265399, e FE0832103640314 emitidas pola empresa GAS NATURAL SERVICIOS,SDG,SA, CIF A 65067332, con data de entrada no Rexistro Xeral o 16 de decembro de 2010, que se achegan no expediente, e que cuxo importe total ascende a 1.860,50 € que serán efectivos con cargo á partida de gasto “consumo gasóleo calefacción centros adscritos á concellería” 2311 2210300 do programa orzamentario da concellería de igualdade para o exercicio 2010.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Gas Natural Servicios, SDG,SA”, CIF A 65067332, por un importe total de 1.860,50 euros, en concepto de consumo de gas na casa de acollida correspondentes aos meses de febreiro, abril, outubro e decembro de 2008, con cargo á partida 2311 2210300 “consumo gasóleo calefacción centros adscritos á concellería” do programa orzamentario da concellería de Igualdade para o exercicio 2010.

3º.- Aboar a Gas Natural Servicios, SDG,SA, CIF A65067332, por un importe total de 1.860,50 euros con cargo á partida 2311 2210300 “consumo gasóleo calefacción centros adscritos á concellería” do programa orzamentario da concellería de Igualdade para o exercicio 2010.”.

14(2234).- PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DO PROXECTO PASARELA ECOLÓXICA NO BORDO LITORAL DENDE A GUIA ATA ROTEA. EXPTE. 6635/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 28.12.10, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde do proxecto PASARELA ECOLÓXICA NO BORDO LITORAL DENDE A GUIA ATA ROTEA.

15(2235).- ACORDO COMPLEMENTARIO PARA O PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DA UNIDADE DE ACTUACIÓN A2 DO PEPRI DE BOUZAS.227/413.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 28.12.10, conformado polo delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Para os efectos indicados no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, solicitar ao servizo municipal de Intervención a fase AD do crédito de 320.607,31 euros da partida orzamentaria 3360.6220002, a favor dos titulares do dereito de propiedade de cada predio a expropiar, según la relación de bes e dereitos contida no PEPRI de Bouzas, aprobado definitivamente polo Pleno municipal na data 30/09/2002 :

REF. CATASTRAL	SITUACIÓN	PROPIEDAD	DNI	DIRECCIÓN	IMPORTE (euros)	TELÉFONO
0451605NG 2705S	San Miguel 2-4 e 6	Benito González Rodríguez	35834893 L	Pardaíña 139- Bx Vigo	168962,63	986240861
0451607NG 2705S	Alfolíes 10	1-Consuelo Márquez González 2-Begoña Márquez González 3-M ^a Ángeles Márquez González 4-Gabino Márquez González	35993116 W 35938365 Z 35998150 E 35968110 C	Gran Vía 6 3 ^o Vigo Avda. Bonn 21- Madrid Donoso Cortés 85-Madrid Biarritz 3-Ma- drid	29020,86 29020,86 29020,86 29020,86	Contacto: 618888268
0451607NG 2705S	Alfolíes 12	Jesús Betanzos Lago	35817167 A	Eduardo Cabello 45-2 ^o Vigo	105153,34	986232212

16(2236).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE AQUILINO MOLINA VALÍN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE, MONTAXE E RECOLLIDA DE VALAS, SINAIS E SERVIZOS DE SEGURIDADE VIARIA DO MES DE XUÑO 2010. EXPTE. 34496/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 7.12.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, co informe do Interventor Xeral do 20.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor de Aquilino Molina Valín, con N.I.F. 35.985.317-T, unha indemnización substitutiva por importe de 3.478,84 € (16% IVE engadido), cunha dedución do 1% para o I.R.P.F. (29,99 euros) pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais e servizos de seguridade viaria as 24 horas do día correspondente ao período do mes de xuño de 2010, segundo factura N°. 1.933 (expte. 34497-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a perceber dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

17(2237).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE AQUILINO MOLINA VALÍN, POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE, MONTAXE E RECOLLIDA DE VALAS, SINAIS E SERVIZOS DE SEGURIDADE VIARIA DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE 2010. EXPTE. 34500/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 7.12.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, co informe do Interventor Xeral do 13.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor de Aquilino Molina Valín, con N.I.F. 35.985.317-T, unha indemnización substitutiva por importe de 17.694,10 € (18% IVE engadido), cunha dedución do 1% para o I.R.P.F. (149,95 euros) pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de vallas, sinais e servizos de seguridade viaria as 24 horas do día correspondente ao período dos meses de xullo, agosto, setembro, outubro e novembro de 2010, segundo factura N°. 1.935 (expte. 34501-212), aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada persoa, a perceber dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279902.

ada

18(2238).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO “PROXECTO DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NA RÚA PI Y MARGALL (ENTRE CHILE E LÓPEZ MORA). EXPTE. 693/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 27.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do “PROXECTO DE INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚA PI Y MARGALL (ENTRE CHILE E LÓPEZ MORA)”. Expediente 202/440, por importe de 21.076,89 Euros cuxos cambios quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 20 de decembro de 2010.

19(2239).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO CONVENCIÓN BUREAU. EXPTE. 3627/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 8.11.10, conformado polo concelleiro da área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 14.12.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 23.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa en concepto de aportación ordinaria do Concello de Vigo como socio fundador, por un importe de 50.000,00 € a favor da entidade: Fundación Vigo Convention Bureau, co CIF: G-27722883 con enderezo social na Avda. do Aeroporto (IFEVI), s/n en Vigo. c/c 2080 0800 64 0040007198 con cargo á partida 4320.4890000 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:
 - a) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2010.

b) Esta subvención ten un claro carácter de interese publico social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2010, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

c) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) Que a Fundación Vigo Convention Bureau non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións.

e) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación Vigo Convention Bureau, dentro do prazo máximo de tres meses dende a notificación da resolución, deberá de axuntar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003).

f) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

h) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 13.55 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Isaura Abelairas Rodríguez.